



## Clases de oracións segundo o número de verbos

Segundo a complexidade da súa estrutura, as oracións clasi-fícanse en:

- **Simples** ▶ Un único predicado:  
*Antía vai mañá a Ourense.*
- **Compostas** ▶ Máis dun predicado:  
*A avoa pediume que lle regase as plan-tas.*

As clases de relacións sintácticas nas oracións compostas son:

- **Coordinación:** dúas ou máis oracións no mesmo nivel xerárquico.  
*Meteu no bolso a carteira e saíu correndo da casa.*
- **Subordinación:** os elementos lingüísticos non teñen o mesmo nivel xerárquico: un depende doutro.  
*Aconselloume [que levase un bo chufasqueiro].*

## Oracións compostas por coordinación

Son oracións co mesmo nivel xerárquico:

- Se hai un nexa (conxunción) ▶ **oracións coordinadas.**  
*Escoitou a nova pola radio, pero non lle deu moito creto.*
- Se non hai unha conxunción como nexa ▶ **oracións xus-tapostas** ou **coordinadas por xustaposición:**  
*Mariña traballa nun hospital, Xoel ocúpase da casa.*



### PRESTA ATENCIÓN!

Nas estruturas coordinadas é frecuente a elisión dun elemento:  
*Dores le moita poesía e Mauro Ø tamén.*  
(Ø = le moito)

<b>Copulativas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relación de adición: <i>Nin chamou nin avisou da súa ausencia.</i></li> <li>• Conxuncións:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– simples: <i>e, nin, que, mais, e mais, a mais.</i></li> <li>– descontinuas ou correlativas: <i>nin... nin..., tanto... como..., tanto... canto..., non só... senón..., non só... senón que...</i></li> </ul> </li> </ul>
<b>Disxuntivas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relación de alternancia excluínte: <i>Ou vés connosco ou quedas na casa co avó.</i></li> <li>• Conxunción: <i>ou.</i></li> </ul>
<b>Distributivas ou alternativas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relación de alternancia, non excluínte: <i>Viñan onda nós, ou iamos nós onda eles.</i></li> <li>• Conxuncións:               <ul style="list-style-type: none"> <li>– simples: <i>ou.</i></li> <li>– compostas: <i>ben... ben..., sexa... sexa..., xa... xa...</i></li> </ul> </li> </ul>
<b>Adversativas</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Relación de oposición ou contraste: <i>Leuno varias veces, pero non descubriu a mensaxe secreta.</i></li> <li>• Conxuncións: <i>pero, senón, senón que, mais.</i></li> </ul>

## Oracións compostas dependentes

Oracións con diferente nivel xerárquico: a **oración subordinada** intégrase e depende da **oración principal**:

- Dentro da principal:  
*Quero que fagas as actividades pendentes.*
- Fóra da principal:  
*Emprestelle os cartos aínda que non o merecía moito.*

### Clasificación das oracións dependentes

- Substantivas ou completivas:  
*Decidiron que o neno empezase na gardaría.*
- Adxectivas ou de relativo:  
*Déixasme a película que viches onte?*
- Adverbiais ou circunstanciais:  
*Sairemos antes de que empece a chover.*

#### Substantivas ou completivas

- Marcas:
  - Conxunción (*se, que*): *Non sei se o chamarás.*
  - Nexos interrogativos ou exclamativos: *Dime como o rompeu.*
  - Verbo en infinitivo: *Espero volver a vindeira semana.*
- Clases:
  - Declarativas ou enunciativas (*que, infinitivo*): *Creo que vou aprobar.*
  - Interrogativas indirectas (nexos interrogativos, *se*): *Dime onde o conseguiches.*
- Funcións: as propias da FN.
  - Suxeito: *Gústame que sexas tan aplicado.*
  - OD: *Por que che pide a ti que o fagas?*
  - Acompañada de preposición pode funcionar como CPrep., CC, Modificador: *A profesora pensou en ir de vacacións no verán.*
  - Atributo: *Facer ese proxecto é meterse nunha boa lea.*

#### Adxectivas ou de relativo

- Teñen a función de Mod. e van encabezadas por un relativo (precedido ou non de preposición), unha preposición ou sen nexo:
  - Pronome relativo: *Xa lle puxen á chaqueta o botón que lle caera.*
  - Adverbio relativo: *Visitamos a aldea onde viviron os bisavós.*
  - Relativo precedido de prep.: *O día en que el naceu estaban todos moi nerviosos.*
  - Sen nexo: *É unha casa feita de pedra.*
  - Con preposición: *As ganas de chegar ían aumentando.*
- Complementan un **antecedente** (FN, pronome, adverbio ou oración).
- A función dos relativos dentro da or. subordinada, ademais de seren nexo subordinante, é a que desempeñaría o antecedente que están substituindo.
- Clases: explicativas e especificativas.



**PRESTA ATENCIÓN!**

**Relativas con antecedente implícito: funcionan como subordinadas substantivas ou adverbiais**

- Non levan antecedente expreso.
- Van encabezadas por *quen, onde, canto, como, cando* ou *o/a/os/as + que*: *Quen atope a solución levará o premio. Os que atoparon a solución levaron o premio.*

**Adverbiais ou  
circunstanciais**

- Marcas:
  - Introducidas por relativos (*onde, cando, como*): *Foi cando puido.*
  - Xerundio: *Sáiron dando berros.*
  - Participio en construción absoluta: *Resoltas as dúbidas, asinou.*
  - Conxuncións especializadas (se «condicional», *mentres* «temporal», *aínda que* «concesiva», etc.): *Fun mentres durmías.*
  - Introducidas por preposición seguida da conxunción *que* ou dun infinitivo: *Non marchedes sen asinardes nesas follas.*
- Funcións: as propias da FAdv.
  - Con función de CC:
    - DE LUGAR: *Déixoche os libros onde ti me indiques.*
    - DE TEMPO: *Chamaron os amigos así que viron o problema.*
    - DE MODO: *Comeuno sen que te decatases.*
    - DE CANTIDADE: *Vendeuno polo que lle ofreceron.*
  - Sen función, fóra da principal, expresan unha relación lóxica:
    - FINAIS: *Cortei leña para que prendas a cheminea.*
    - CAUSAIS: *Renunciou porque xa non tiña ilusión.*
    - CONCESIVAS: *Foi xogar fóra, aínda que o tempo era malo.*
    - CONSECUTIVAS: *Había tanta xente que era imposible camiñar.*
    - CONDICIONAIS: *De aceptardes a proposta, mañá empezamos a adestrar.*
    - PROPORCIONAIS: *Canto máis o miro, máis me gusta.*

**NOTAS**


---



---



---



---